



GUÍA DOCENTE DE **REPERTORIO CON INSTRUMENTO DE TECLA ACOMPAÑANTE I-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: REPERTORIO CON INSTRUMENTO DE TECLA ACOMPAÑANTE I-VIII										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Corda fretada, Vento madeira, Vento metal	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Piano acompañante
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	1	1	1	1	1	1	1	1	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación con acompañamento pianístico, afondando en repertorios específicos da propia especialidade instrumental. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos distintos instrumentos, á voz e aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	As materias coa denominación Repertorio
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X11, X19, X21
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI3, EI4, EI5, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer as características estilísticas, estéticas e a tradición interpretativa das pezas para instrumento solista e orquestra máis salientables do itinerario instrumental que estea a cursar o alumno, coa supervisión e o apoio do pianista acompañante.	Todas
2. Desenvolver as técnicas de interpretación solista con piano concertante ou con acompañamento da parte orquestral reducida a piano.	Todas
3. Practicar o repertorio a dúo con piano ou piano concertante, a través da redución da parte orquestral a acompañamento pianístico.	Todas
4. Interpretar en público o repertorio traballado nos ensaios, cunha calidade válida e amosando entidade artística.	Todas
5. Desenvolver a capacidade de traballo en grupo, de compromiso e optimización do esforzo.	Todas



4. CONTIDOS

O repertorio do instrumento.
Adaptación e equilibrio entre solista e acompañamento pianístico/orchestra.
Técnicas de interpretación
A interpretación en público

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audición cuadrimestral	Presenciais	Ao final do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.